



# Climántica: 15 anos educando sobre Cambio Climático

Curso de formación do profesorado

Data: 7 de maio de 2022

Lugar: IES Arcebispo Xelmírez I  
(Santiago de Compostela).

Entrada ao IES pola R/ Poza de Bar.

Tramitada a **homologación** á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de formación permanente do profesorado non universitario no marco do seu convenio coa Universidade de Santiago de Compostela (**8 horas**).

Inscripción en: <http://red.climantica.org/climantica-15-anos-educando-sobre-cambio-climatico/>




Environmental Education Project CLIMATE CHANGE

Organizado por:



Difusión dos proxectos  
Erasmus+ derivados de  
Climántica:  
EduCinema Clima Tour Action  
e- InnoEduCO<sub>2</sub>






Environmental Education Project CLIMATE CHANGE

## Climántica: 15 anos educando sobre Cambio Climático

Difusión dos proxectos Erasmus+ derivados de Climántica:  
EduCinema Clima Tour Action e- InnoEduCO<sub>2</sub>



# Obxectivos:

- Identificar, presentar e avaliar con visión prospectivas as propostas e respostas educativas máis relevantes do proxecto Climántica dende o curso 2006-2007 ata a actualidade seleccionadas polo seu valor actual e potencial futuro para o proxecto.
- Reflexionar colectivamente sobre os principios científicos, pedagóxico-didácticos e socioambientais nos que se sustenta o proxecto Climántica, desde unha perspectiva transversal e interdisciplinar.
- Propor e motivar no debate colectivo suxestións, liñas de actuación, iniciativas, estratexias de actuación, alianzas e colaboracións, etc. que den continuidade, con visión de futuro, ao proxecto Climántica no seu quefacer educativo-ambiental en e desde Galicia no contexto europeo e mundial.



## Climántica: 15 anos educando sobre Cambio Climático

Difusión dos proxectos  
Erasmus+ derivados de  
**Climántica:**  
EduCinema Clima Tour Action  
e- InnoEduCO<sub>2</sub>

# Contidos:

1. As realidades do cambio climático: unha mirada crítica aos modos de desenvolvernos nos límites do crecemento e da vida no Planeta.
2. Problemáticas específicas un achegamento multi e interdisciplinar dende os saberes científicos e tecnolóxicos en Galicia e no mundo.
  - 2.1 Xenoma e ambiente: de onde vivimos e cara onde imos?
  - 2.2 A saúde: novas inquietudes e desafíos na postpandemia.
  - 2.3 A biosfera como casa común: as pradarias, as persoas e os ecosistemas da vida.
  - 2.4 A economía no cambio climático: cara novos modos de producir e consumir.
  - 2.5 A percepción e representación social do cambio climático como desafío educativo.
  - 2.6 A ética e os valores cívicos na conciliación dos dereitos humanos e ecolóxicos.
  - 2.7 As realidades virtuais: espello e reflexo do protagonismo das TICs ante o cambio climático.

## Climántica: 15 anos educando sobre Cambio Climático

Difusión dos proxectos  
Erasmus+ derivados de  
**Climántica:**  
EduCinema Clima Tour Action  
e- InnoEduCO<sub>2</sub>

3. O Proxecto Climántica como proposta e resposta educativo-ambiental no afrontamento do cambio climático: un relato de 15 anos para unha nova axenda local-global.
4. Europa e o mundo no horizonte: novos proxectos, xa en traxecto: InnoEduCO<sub>2</sub>, EDUCINEMA Clima TurAction de Erasmus+.
5. Video-docu-forum: Climántica no son e as imaxes, ou cando o medio contén á mensaxe.



# Axenda: 7 de maio de 2022.

## Mañá:

- **9h.** Recepción.
- **9:30h.** *Presentación do contido da xornada.* **Francisco Sóñora.** Director de Climántica.
- **10h.** Conferencia inaugural. *Xenes e Ambiente.* **Ángel Carracedo.** Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela e Director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- **11h.** *Do Show da Física ao Show do cambio climático.* **Pedro Pombo.** Director de Fábrica Centro Ciencia Viva de Aveiro.
- **11:45h.** Pausa para café.
- **12:15.** *Como se pode levar a creatividade, as tecnoloxías e o cambio climático ao encadre Erasmus+? Educinema Clima Tour Action e e-InnoEduCO<sub>2</sub> en Erasmus+.* **José Antonio Caride** (Catedrático de Pedagogía Social, Director do grupo SEPA-Interea e IP de EduCinema CTA e InnoEduCO<sub>2</sub> pola Universidade de Saniago de Compostela) e **Francisco Sóñora** (Director de Climántica e investigador do Grupo SEPA-Interea).
- **13h a 13:45h.** Cine e cambio climático como ferramenta pedagóxica dos campus de Climántica. **David Vicente.** Universidad de Valladolid.

## Climántica: 15 anos educando sobre Cambio Climático

Difusión dos proxectos  
Erasmus+ derivados de  
**Climántica:**  
EduCinema Clima Tour Action  
e- InnoEduCO<sub>2</sub>

# Axenda: 7 de maio de 2022.

## Tarde:

- **16h.** *Abordando unha nova visión do cambio climático dende os campus de Climántica.* **Aitor Alonso.** Universidade de Santiago de Compostela.
- **16:45h.** *Corpore sano nun planeta degradado? Combinación imposible.* **Julieta Dix.** Educadora nos ámbitos musical e da saúde nos campus de Climántica.
- **17:30h.** Pausa café.
- **18h.** Conferencia de clausura. *Embarcados en el cambio climático. Una singladura a través de los océanos y los sistemas socio-ecológicos.* **Emilio Fernández.** Catedrático de Ecoloxía da Universidade de Vigo.
- **19h a 19:15h.** Conclusións, análise de próximos eventos e clausura.

# Diplomas de acreditación.

Tramitada a homologación á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de formación permanente do profesorado non universitario no marco do seu convenio coa USC. Provisionalmente recoñecido como actividade de formación permanente do profesorado non universitario (8 horas).

**INSCRIPCIÓN:**

<http://red.climantica.org/climantica-15-anos-educando-sobre-cambio-climatico/>



# Sobre os relatores:



**Ángel Carracedo.** Catedrático de Medicina Legal da USC. Director do Centro Nacional del Xenotipado e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Dirixe o Grupo de Medicina Xenómica da USC, que integra dez grupos de investigación, plataformas tecnolóxicas de última xeración de máis de 100 membros de diferentes nacionalidades. Ademais é xefe de grupo do CIBERER (Centro de Investigación Biomédica en Rede de Enfermidades Raras) e Coordinador da área de Xenética e Bioloxía de Sistemas do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). Premio Nacional de Genética (2015) Medalla de Galicia (2011), el Premio Rey Jaime I á Investigación Médica, Medalla Castelao (2006), Medalla Adelaida e Premio Fernández Latorre (2011).

**Pedro Pombo.** Profesor da División de Física da Universidade de Aveiro. Director de Fábrica, centro de Ciencia Viva da Universidade de Aveiro. Investiga en Óptica, Holografía, Educación en Física e Formación do Profesorado. A súa principal liña de investigación actual é 'HoloNetwork - holografía para a comunicación científica'.







**José Antonio Caride.** Catedrático de Pedagogía Social da USC. Director-IP do Grupo de Investigación “Pedagogía Social e Educación Ambiental” (SEPA- interea) de referencia competitiva no Sistema Universitario Galego. Coordinador del área científica: Ciencias de la Educación (EDU) na Agencia Estatal de Investigación. Entre 2002-2012 presidiu a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social ( SIPS), da que é socio-fundador. Desde xuño do 2016 ata xuño de 2018 foi o Comisionado da súa Universidade para a posta en marcha do proxecto dun Campus da Cidadanía. Entre as súas diversas liñas de investigación figura a “Educación Ambiental, desenvolvemento humano e cultura da sustentabilidade”. En 2004 foille concedida a “Orde ao Mérito Institucional” do *World Council for Currículo and Instruction*, distinción á que se engaden outros recoñecementos científicos e académicos.

**Francisco Sóñora Luna.** Catedrático de ensino secundario e Profesor asociado da Área de Didáctica das Ciencias Experimentais da USC. Dirixe o proxecto Climántica que creou no 2006 e que resultou recomendado no 2010 para o uso docente polo Alto Comisionado da ONU para o cambio climático e rebiu no 2019 o máximo patrocinio da UNESCO polo Primeiro Campus Climántica Iberoamérica. Investigador do Grupo de Pedagogía Social e Educación da USC en proxectos multisectoriais de innovación educativa sobre Educación en Cambio Climático, dende onde creou as ideas de EduCO2cean – Erasmus+ KA 201 (2016-2019), e-InnoEduCO2 – Erasmus+ KA 226 (2021-2023), EDUCINEMA Clima Tour Action –Erasmus+ KA227 (2021-2023).





**David Vicente Torrico.** Doutor en Comunicación pola Universidade de Valladolid, onde exerce como profesor da área de Xornalismo. A súa tese, “O cambio climático no cinema”, é a primeira que relaciona ambos conceptos no ámbito académico nacional. Ademais, é autor dunha trintena de comunicacións publicadas en revistas científicas, manuais e congresos.

Colabora dende o ano 2015 no proxecto Climántica como responsable dos obradoiros de formación teórico-práctico para o correcto uso da narrativa audiovisual como ferramenta pedagóxica para loitar contra o cambio climático.

**Aitor Alonso.** Biólogo. Técnico superior de investigación na Universidade de Santiago de Compostela. Incorporouse a Climántica cando estudaba primeiro de Bacharelato e desde os seus inicios universitarios formou parte do equipo de educadores dos campus, asumindo, coa aprobación do proxecto EDUCO2cean-Erasmus+ o rol de Webmáster, o cal o estendeu posteriormente ao conxunto do proxecto Climántica e ás súas derivadas Erasmus+. É coautor de artigos de investigación e innovación educativa de revistas internacionais de impacto escolar. Participou como relator en cursos de formación de profesorado en Galicia, Comunidade Valenciana, Costa Rica, Portugal e Panamá. Desde o curso 2016-2017 coordina o ámbito de Ciencia Escolar dos campus internacionais de Climántica.





**Julieta Dix.** É Médico Interno Residente. Tamén é Técnico profesional en Música na especialidade de piano. Incorporouse a Climántica cando estudaba primeiro de Bacharelato e posteriormente como educadora encargada dos arranxos musicais da banda de música do teatro musical. Na actualidade coordina a liña da saúde dos campus baixo o enfoque 'Unha Saúde da OMS'. Sobre este tema realizou o seu traballo de fin de grao. Este é o tema que vai defender na súa ponencia, que xa desenvolveu en xornadas pedagóxicas en México e en institutos de Galicia.

**Emilio Fernández.** Catedrático de Ecoloxía da Universidade de Vigo, membro de diversos comités de investigación e de comités editoriais do seu ámbito de investigación, así como colaborador da Axencia Nacional de Investigación. Foi o creador e primeiro director do Campus Internacional Campus do Mar, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e Vicedecano da Facultade de Ciencias do Mar. Participou como membro corrector do IPCC e foi representante en diversos cumes do cambio climático. É un dos científicos de máxima relevancia en cambio climático de Galicia e lidera un amplo equipo de investigación con liñas de referencia no sistema universitario galego. Foi Director Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia (2005-2009) dende onde puxo en marcha do Plan Galego de Loita contra o Cambio Climático.

